



Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, na data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

**ASUNTO: APROBACIÓN LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS. CONVOCATORIA E BASES PROCESO SELECTIVO PERSOAL LABORAL TEMPORAL. PEL CONCELLOS 2023.**

**EXPEDIENTE: 2023/G003/000270 (Decretos).**

**EXPEDIENTE: 2023/A008/000012 (Subvencións).**

**EXPEDIENTE: 2023/E001/000001 (Convocatoria Selección Persoal)**

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que mediante o decreto de alcaldía 1/06/2023, de 1 de Xuño de 2023, se aprobaron as bases e convocatoria para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para un peón para a realización de obras e servizos municipais, financiado pola Deputación Provincial da Coruña, a través do programa PEL Concellos 2023.

Visto que ditas bases e convocatoria foron publicadas na páxina web, taboleiro de anuncios e portal de transparencia deste concello así como no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Vista que a última publicación das bases e da convocatoria realizouse en dito boletín con data de 8 de Xuño de 2023, iniciándose un prazo de dez días naturais para a inscrición de solicitudes para formar parte do proceso selectivo.

Examinadas as solicitudes presentadas e visto que unha delas non reúne os requisitos esixidos.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. **Resolvo:**

**PRIMEIRO.-** Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que tiña sido delegada por Decreto de Alcaldía número 80/2019, de data 21 de xuño de 2019, na Xunta de Goberno Local.

**SEGUNDO.-** Admitir provisionalmente ós aspirantes presentados que se relacionan a continuación ó proceso selectivo para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para un peóns para a realización de obras e servizos municipais, financiado pola



CONCELLO DE VILASANTAR  
R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña  
[correo@vilasantar.gal](mailto:correo@vilasantar.gal) [www.vilasantar.gal](http://www.vilasantar.gal) 981 778 169



Deputación Provincial da Coruña, a través do programa PEL Concellos 2023, publicándose no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal así como no portal de transparencia do Concello de Vilasantar.

**ADMITIDOS:**

Nº DE REXISTRO	DNI	APELIDOS E NOME
202300000000620	329472**S	Pedre Pupo, Norge
202300000000628	093650**R	Garcia Pedrero, José Eladio
202300000000640	Y96741**E	Horta Lastre, Ariel

**TERCEIRO.-** Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación.

**CUARTO.-** Informar ao Pleno da corporación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Mándao e asíno a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria - Interventora, María Chao Carballeira, dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.**